

CIDADE
DA CULTURA
DE GALICIA

EXPLO
RAR 

EXPOSICIÓNS

MÚSICA

LITERATURA E
PENSAMENTO

EN FAMILIA

sesión
infantil
PARALELA



GALICIA
CEO DAS LETRAS
SÁBADOS DE *autor*

ABRIL
DECEMBRO

INTRODUCCIÓN

A Cidade da Cultura de Galicia échese de vida. Exposicións, concertos, espectáculos de artes escénicas, encontros de artistas, ciclos literarios, seminarios, foros de debate... todo un programa cultural dirixido a estimular a creatividade e o coñecemento. O complexo deseñado por Peter Eisenman no monte Gaiás de Santiago ponse en marcha como un novo espazo para VISITAR, un territorio onde EXPLORAR todas as súas posibilidades culturais e artísticas, unha factoría onde CREAR novos proxectos, un lugar para APRENDER e INTERCAMBIAR experiencias, e unha infraestrutura disposta a SUMAR os seus recursos aos proxectos máis innovadores, un programa cultural que pon toda a beleza arquitectónica e recursos deste proxecto ao servizo da cultura. Invitámosvos a que vos acheguedes a participar neste proxecto de todos que é a Cidade da Cultura de Galicia.



CEO DAS LETRAS

“Galicia é unha potencia literaria”. Con esta frase, a Cidade da Cultura iniciou en 2011 unha andaina dedicada a festexar os nosos meirandes autores clásicos. Esa mesma frase, esa mesma convición, é a que nos incita agora a celebrar unha nova edición do ciclo Galicia, Ceo das Letras.

Durante sete sesións e ata final de ano desfilarán polo auditorio da Biblioteca de Galicia tres autores cumio das letras galegas (Celso Emilio Ferreiro, Otero Pedrayo e Castelao), unha escritora de noso prodixio da literatura castelá (Emilia Pardo Bazán) e un elenco de talentos mundiais aos que nos unen a veciñanza, a lingua ou o mesto universo da imaxinación (Federico García Lorca, Jorge Amado e James Joyce).

Nesta ocasión, Galicia, Ceo das Letras aposta por renderlle un tributo especial á Xeración Nós e abre novos vieiros alén do perímetro iberoamericano. Mais por suposto mantendo intactos os sinais de identidade do ciclo: unha selección de nomes incontestables e a procura en cada sesión da combinación exacta de frescura, rigor e complicidade que é marca da casa.

Cada unha das sete sesións que darán vida a estes ‘Sábados de autor’ constará dunha charla inicial impartida por un experto de referencia para, a continuación, dar paso a unha actuación artística -música, cine, teatro...- ligada ao espírito do escritor homenaxeado.

Celso Emilio Ferreiro

CELSO EMILIO E A DIGNIDADE DA TERRA

SÁB.
14 ABRIL

(Celanova, 1912 – Vigo, 1979). Poeta do pobo, a obra de Celso Emilio aglutina crítica social, intimismo, sátira e compromiso coa Terra. Autor dalgún dos títulos que deixaron unha pegada máis fonda na literatura galega contemporánea, como *Viaxe ao país doa ananos*, *Onde o mundo se chama Celanova*, *O soño sulagado*, e sobre todo *Longa noite de pedra*, estandarte profusamente musicado desde a nova canción galega dos anos 60' até os nosos días. En 2012 conmemoramos o centenario do seu nacemento.

12:00 | Ramón Nicolás Rodríguez. Profesor e crítico literario. Realizou diversos traballos sobre Celso Emilio Ferreiro e ten a piques de publicar unha biografía sobre o celanovés.

13:00 | Labregos do Tempo dos Sputniks (35'). Tres colosos do punk (O Leo), do hip hop (García Mc -Dios Ke Te Crew-) e do ska (Vero -Xenreira-) conflúen nunha das bandas máis poderosas da escena musical galega actual, en tributo aos versos de Celso Emilio.

Presenta: Luís Ferreiro, fillo do poeta e presidente da Fundación Celso Emilio Ferreiro.




JORGE AMADO DA NOSA VECIÑANZA IV

SÁB.
12 MAIO

(Itabuna, 1912 – Salvador da Bahia, 2001). Novelista, xornalista e memorialista, Jorge Amado é con certeza o escritor brasileiro de maior proxección universal. A súa obra, traducida a preto de cincuenta linguas distintas, e adaptada ao cine, teatro e televisión, mostra un acentuado compromiso social cos desposuídos, condimentado con humor, maxia e sensualidade. Finalista do Nóbel, entre os seus innúmeros premios e distincións consta o Luís de Camoes e o doutoramento honoris causa por universidades do Brasil, Portugal, Italia, Israel e Francia. En 2012 celebramos o seu centenario.

12:00 | Basilio Losada. Tradutor, crítico literario, ensaísta e narrador, foi o primeiro Catedrático de Literatura Galega e Portuguesa da Universidade de Barcelona. A súa traxectoria intelectual mereceu múltiples distincións, desde o Premio Nacional de Tradución ate a Ordem do Cruzeiro do Sul (Brasil), pasando polo doutoramento honoris causa polo Knox College (EE.UU.). Traduciu cento cincuenta libros a sete idiomas, entre eles varios do xenial bahiano.

13:00 | Jorjamado no Cinema (50'). O iconoclasta cineasta brasileiro Glauber Rocha, galardoado en dúas ocasións no Festival de Cannes (Francia) e artífice do movemento “Cinema Novo”, realizou en 1979 este documental onde plasma a súa particular mirada sobre a vida cotiá de Jorge Amado e a súa dona, Zélia Gattai. Presenta: José Manuel Sande, responsable de programación do Centro Galego de Artes da Imaxe (CGAI).



Emilia Pardo Bazán



PARDO BAZÁN OU A LUCIDEZ INDÓMITA

SÁB.
16 XUÑO

(A Coruña, 1851 – Madrid, 1921). Novelista, ensaísta, contista, xornalista e crítica literaria, dona Emilia é unha das máis eminentes escritoras da literatura española do século XIX. A autora de *Los pazos de Ulloa* é considerada a introdutora do naturalismo e do espiritualismo ruso en España e foi a primeira muller en presidir a sección de literatura do Ateneo de Madrid, así como a primeira catedrática de Universidade e a primeira conselleira de instrución pública. A independencia e dignidade no seu vivir, e a denuncia da hipocrisía moral da época converteuna nun símbolo precursor dos movementos feministas de hoxe.

12:00 | **Marina Mayoral**. Novelista e Catedrática de Literatura Española na Universidade Complutense de Madrid. A súa narrativa, en galego e en castelán, foi premiada en ambas as dúas linguas, así como traducida ao alemán, italiano, portugués, catalán, polaco e chinés. É unha das máis sinaladas expertas na obra de Pardo Bazán, sobre quen publicou numerosos estudos.

13:00 | **Emilia Pardo Bazán, a Condessa Rebelde (50')**. Reportaxe – documental onde unha panoplia de especialistas nos mergulla no universo literario e vital da escritora. Dirixido por Zaza Ceballos e producido por Zenit Televisión para TVG. Estrea absoluta no ciclo Galicia, Ceo das Letras.

Presenta: Xulia Santiso, conservadora responsable da Casa - Museo Emilia Pardo Bazán.



Amadrina



JAMES JOYCE DA NOSA VECIÑANZA V

SÁB.
14 XULLO

(Dublín, 1882 – Zúric, 1941). Sen dúbida un dos literatos con maior relevancia na escrita do século XX. Autor de pezas mestras como *Dublineses*, *Retrato do artista cando novo*, ou *Finnegans wake*, acadou o seu cumio creativo no monumental *Ulises*, emblema do modernismo literario a partir do uso do monólogo interior ou fluxo da consciencia. A súa influencia é palpable na obra de Beckett, Borges, Burroughs e tantos outros. Entre nós, Otero Pedrayo acometeu unha das primeiras traducións dun fragmento do *Ulises* a unha lingua ibérica.

12:00 | Francisco García Tortosa & Antonio Raúl de Toro Santos. Francisco é Catedrático de Filoxía Inglesa na Universidade de Sevilla, presidente da Asociación Española James Joyce e autor de numerosos libros sobre o xenio irlandés, ademais de responsable da tradución canónica do *Ulises* para a editorial Cátedra (1999). Antonio é Catedrático de Filoxía Inglesa na Universidade da Coruña, director do Instituto Universitario de Investigación de Estudos Irlandeses AMERGIN e tamén un sobresaínte investigador e divulgador da obra de Joyce. Recentemente dirixiu a prestixiosa antoloxía de literatura galega *Breogan's Lighthouse* (Francis Boutle Publishers, 2010).

13:15 | *Dedalus en Compostela* (15'). Proxección audiovisual na que unha voz en off narra un suposto diálogo entre Vicente Risco e Stephen Dedalus, alter ego de James Joyce, nun paseo polas rúas compostelás.

13:30 | *Chamber Music* (30'). A mezzosoprano Marion Sarmiento e o pianista Nicasio Gradaille interpretan seis cancións do compositor estadounidense Samuel Barber (1910 - 1981) que poñen música a seis dos poemas da obra *Chamber Music* de Joyce. Producción propia do ciclo Galicia, Ceo das Letras.

Presenta: Bieito Iglesias, directivo do Centro Pen Galicia.



Ramón Otero Pedrayo

Amadriña



OTERO PEDRAYO NOTARIO DE TODAS AS COUSAS

SÁB.
20 OUT.

(Ourense, 1888 – 1976). O gran patriarca das letras galegas foi un escritor prolífico, tanto na esfera literaria como no ámbito do ensaio. Figura central do galeguismo cultural e político, posuidor dunha cultura enciclopédica e fondo coñecedor da sociedade rural galega da época, na súa obra agroman todos estes elementos enlazados por un verbo exuberante e evocador. De entre a súa produción literaria destaca Arredor de si, ademais de Os camiños da vida, O mesón dos ermos e O señorito da Reboraina.

12:00 | Ramón Villares. Ensaísta e Catedrático de Historia Contemporánea, foi reitor da USC e presidente da Asociación Española de Historia Contemporánea, exercendo na actualidade o cargo de presidente do Consello da Cultura Galega. Intelectual de referencia, é un consumado especialista na figura de Don Ramón de Trasalba.

13:00 | Fidalgo (40'). A compañía Casa Hamlet regresa ao noso ciclo da man desta peza teatral baseada en diferentes textos de Otero Pedrayo. Interpretada por Manuel Lourenzo e Rubén Espejo, co apoio musical de Brandán Lourenzo.

Presenta: Víctor F. Freixanes, escritor e xornalista, membro da Real Academia Galega, director xeral de editorial Galaxia e presidente da Fundación Otero Pedrayo.



Federico García Lorca

FEDERICO GARCÍA LORCA DA NOSA VECIÑANZA VI

SÁB.
17 NOV.

(Fuente Vaqueros, Granada, 1898 – Viznar, Granada, 1936). Membro da xeración do 27, Federico García Lorca é unha das iconas da cultura española do século XX. Poeta sublime e excepcional dramaturgo, a súa obra é reivindicada polas clases populares e polas máis altas instancias da crítica literaria. O seu vínculo con Galicia foi temperán e intenso, trabando amizade, entre moitos outros, con Ernesto Guerra da Cal e Eduardo Blanco Amor. Aínda hoxe é motivo de acalorados debates quen dos dous influíu máis na escrita e edición dos Seis poemas galegos.

12:00 | Luis García Montero. Poeta, ensaísta, crítico literario e Catedrático de Literatura Española na Universidade de Granada, foi merecedor, entre outros, do Premio Federico García Lorca, Premio Adonáis, Premio Loewe de Poesía, Premio Nacional de Poesía e Premio Nacional da Crítica. Editor de Lorca, é un fondo coñecedor da obra do seu ilustre paisano.

13:00 | Seis poemas galegos (35'). Os músicos Ugia Pedreira e Marcos Teira, compoñentes do grupo Marful, na compañía dun instrumentista de culto (sorpresa), interpretarán en exclusiva para o ciclo Galicia, Ceo das Letras os Seis poemas galegos de Lorca, nun concerto inédito

Amadriña



Alfonso Rodríguez Castelao



CASTELAO SÍMBOLO DE GALICIA

SÁB.
15 DEC.

(Rianxo, 1886 – Bos Aires, 1950). Debuxante, humorista gráfico, teórico da arte, escritor e político, Castelao é o referente indiscutible da cultura galega do século XX. O seu labor foi decisivo na conformación da arte, da narrativa e do rexurdir de Galicia mediante a acción política nacionalista. Colaborou coa xeración de 1916 nese florecemento da lingua e da cultura galega. Foi membro do Seminario de Estudos Galegos, patrón do Museo de Pontevedra, fundador do Partido Galeguista e membro da Real Academia Galega. Dende o exilio defendeu o Estatuto de Autonomía para Galicia e os dereitos do noso pobo mediante o Consello de Galiza. Nese labor intelectual destaca o seu ensaio político Sempre en Galiza.

12:00 | Miguel Anxo Seixas Seoane. Licenciado en historia da arte contemporánea pola USC, actualmente é vicepresidente segundo da Fundación Castelao.

13:00 | Cousas da vida (35'). Espectáculo de transparencias e sombras realizado por Títeres Cachirulo e inspirado nas personaxes das viñetas de Castelao. Narra a aventura de dous rapaciños que deciden visitar o estaleiro onde se está a construír un barco para emigrar ás Américas.

13:35 | Alba de Gloria. Recitado do célebre discurso de Castelao a cargo de Xurxo Souto, escritor, xornalista e músico bravú.

Presenta: Alfonso Paz Andrade. Vicepresidente da Fundación Castelao.



*sesión
infantil*
PARALELA

**GALICIA,
CEO DAS LETRAS INFANTIL**

Como novidade, esta nova edición de Galicia, Ceo das Letras contará tamén cos máis pequenos aos que introducirá no mundo de cada un dos autores dunha forma lúdica e entretida. Cuns contidos deseñados especialmente para eles, os participantes na versión infantil de Galicia, Ceo das Letras descubrirán a vida, época e obra de autores universais a través de dúas actividades completarias: un espectáculo artístico e unha segunda parte na que a través de obradoiros, xogos, plástica ou música, os rapaces sexan tamén protagonistas do seu particular Ceo das Letras. Galicia, Ceo das Letras prestará nesta segunda edición especial atención aos pequenos lectores, aos que introducirá no mundo dos grandes autores da nosa literatura dun xeito lúdico e didáctico.

Dirixida a nenos de Primaria –de 6 a 11 anos- co obxectivo de estimular a súa expresividade e introducilos no hábito da lectura, a versión infantil de “Galicia, Ceo das Letras” tratará de que os participantes descubran a vida, época e obra de autores universais a través de tres pasos: “Vexo, Fago, Falo”. Dúas horas que correrán paralelas á sesión dos adultos nas que os rapaces gozarán dun espectáculo artístico, convertiranse en protagonistas a través de obradoiros, xogos, plástica ou música; e debatirán entre eles sobre todos os coñecementos aprendidos ao longo da sesión.

INFORMACIÓN PRÁCTICA

As sesións infantís celebraranse nas mesmas datas e no mesmo horario que as de adultos.

A duración será de dúas horas: de 12:00 a 14:00 horas.

A actividade terá lugar na Biblioteca de Galicia e será de balde ata completar o aforo, limitado a 30 prazas.

Galicia, Ceo das Letras infantil non dispón de sistema de inscrición. As persoas que desexen asegurar praza poden acudir ao mostrador da Biblioteca da Cidade da Cultura media hora antes do inicio do evento onde os nenos serán recollidos por un monitor.



Inscrición gratuíta en www.cidadedacultura.org ata completar o aforo.

Máximo de inscricións por persoa: 3. (É imprescindible incluír os datos persoais e de contacto dos tres participantes).

Duración: 2 horas (De 12:00 a 14:00 horas)

Recomendacións: Para a confirmación definitiva das reservas, a Cidade da Cultura porase en contacto cos solicitantes. Recomendamos indicar un teléfono de contacto ademais do email solicitado como dato obrigatorio.

Teléfono: 881 979 010

Mail: ceodasletras@cidadedacultura.org

Como chegar en bus

<http://www.cidadedacultura.org/horarios.aspx>

GALICIA CEO DAS LETRAS

SÁBADOS DE *autor*

Amadrinan

FUNDACIÓN CELSO EMILIO FERREIRO



Colaboran



Organiza



fundación cidade da cultura de galicia



XUNTA DE GALICIA

*Padroado
Fundación
Gaiás*



fundación cidade da cultura de galicia



novacaixagalicia

INDITEX

INVERAVANTE



Fundación Barrié

Banco Gallego



Campo

GADIS

GRUPO NOSA
TERRA 21

Astillero
BARRERAS
V I G O

Estrella Galicia

R

MONIUS